XIV CERTAME DE POESÍA ERÓTICA "ILLAS SISARGAS" 2019

Caldeirón

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Dando continuidade ao que xa é unha tradición na convocatoria poética en lingua galega, a **Asociación Cultural Caldeirón** coa colaboración do **Concello de Malpica de Bergantiños** convoca o

XIV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas

de acordo coas seguintes

BASES

1) Poderán optar ao premio todos os autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten **obras inéditas de temática erótica** non premiadas con anterioridade e escritas en lingua galega.

2) Establécese un premio único de **1.000 €** (suxeitos ás retencións correspondentes) e a **publicación da 1ª edición da obra** na colección Illas Sisargas da Editorial Caldeirón. Esta edición constará de 400 exemplares. Os dereitos de autoría desta primeira edición considéranse cubertos pola contía do premio. Porén, entregaranse en compensación á persoa gañadora 30 exemplares da obra. Editorial Caldeirón resérvase o dereito de edición da obra por un prazo de dezaoito meses.

3) Os textos enviaranse por correo electrónico en formato PDF ao enderezo seguinte

premio@caldeiron.org

Na mensaxe incluiranse dous arquivos, un coa obra e outro coa plica. O arquivo da obra non incluirá ningunha referencia ao autor ou autora. No da plica indicarase o título da obra, o nome completo do autor ou autora, documento identificativo, e todos os datos de contacto.

4) O prazo de admisión de orixinais remata o **30 de setembro de 2019**.

5) O xurado estará composto por tres persoas: unha a proposta do Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños, outra a proposta da A.C.Caldeirón e o gañador ou gañadora da edición inmediatamente anterior do certame ou, de non ser posible, outra persoa de relevancia no sistema literario. Actuará como Secretario o membro do xurado proposto polo Concello de Malpica ou, no seu defecto, quen designe a A.C. Caldeirón. **A decisión do xurado é inapelable**.

6) As persoas participantes terán a obriga de comunicar á organización a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, a ser posible en sesión única, requiríndose a asistencia de dous dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O premio poderá ser declarado deserto ou compartido "ex-aequo" por varios autores e/ou autoras, se o xurado o estima oportuno. A decisión do xurado terá lugar no mes de **novembro de 2019** e darase a coñecer no marco da Cea das Letras. A continuación, darase a coñecer a información aos medios de prensa.

7) Non se manterá correspondencia sobre as obras presentadas.

8) A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.